



CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-2

PRIMEIRA CONVOCATORIA

PLENO EXTRAORDINARIO

1 de Marzo de 2023

Lugar

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO

Hora de Inicio

10:01

Hora de Finalización

10:25

Presidente: VICENTE GÓMEZ GARCÍA
Secretario: SANTIAGO DE LORENZO TABOADA
Interventor: .

MEMBROS ASISTENTES

ANTONIO VAZQUEZ COSTA
DANIEL DE DIOS MANSO
EMILIO JOSE COSTA GARCIA
JOSE RAMON LOPEZ PEREZ
JOSÉ LUIS SANTIAGO RODRÍGUEZ
MARIA CARMEN MANSO RODRIGUEZ
MARIA DEL MAR VALLE ALVAREZ
XOSE BARXA BRANCO

Pola Presidencia declarase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma, adoptáronse os seguintes

ACORDOS:

1º. APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION DO 12.01.2023 (ACTA 2023/1)

A acta apróbbase por unanimidade dos presentes, asistentes á sesión de referencia.

2º. DAR CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DESDE A SESION ORDINARIA DO PLENO DO 01.12.2022.

A seguir, fíxose entrega aos concelleiros das convocatorias das Xuntas de Goberno Local celebradas dende a sesión **extraordinaria** do Pleno de data **22 de setembro de 2022**, de acordo có seguinte:

ACTA 2022-21. Xunta de Goberno Local do **21 de decembro do 2022:**

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 18.11.2022 (Acta 2022/20)
- 2º. Aprobación das bases reguladoras da convocatoria para a provisión, como persoal laboral fixo, dunha praza de oficial de servizos varios, polo sistema de concurso, ao abeiro das disposicións adicionais 6ª e 8ª da Lei20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para reducir a temporalidade no emprego público (estabilización de emprego temporal)
- 3º. Recoñecemento de trienios ao oficial de servizos varios.
- 4º. Exencións, bonificacións, devolución de ingresos indebidos e reclamacións varias a tributos municipais.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

- 5º. Actualización do padrón de lixo para o ano 2023.
- 6º. Solicitude da CMVMC de Pepín de exención do IBI de diversas parcelas.
- 7º. Conta xustificativa da actuación en materia de biorresiduos de competencia municipal, liña 2, no concello de Castrelo do Val, ao abeiro da Orde do 30 de novembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para actuacións destinadas á mellora da xestión dos biorresiduos. Fondos de recuperación e resiliencia (MT975K).
- 8º. Solicitude a Augas de Galicia da aplicación ao Concello de Castrelo do Val da moratoria de dous anos no pagamento do canon da auga por perdas de auga na rede de abastecemento, prevista da Disposición Adicional Sexta do proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas.

ACTA 2023-1. Xunta de Goberno Local do 12 de xaneiro de 2023:

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 21.12.2022 (Acta 2022/21)
- 2º. Adhesión ao plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais para o exercicio 2023.
- 3º. Aprobación, se procede, do plan municipal de actuacións para minimizar as perdas de auga na rede de abastecemento do concello de Castrelo do Val.
- 4º. Aprobación dos padróns do terceiro cadrimestre do 2022: da taxa de abastecemento domiciliario de auga e do canon da auga da Xunta de Galicia.
- 5º. Compromiso de incorporación do Concello de Castrelo do Val ao servizo que presta a biblioteca móbil de Galicia.

ACTA 2023-2. Xunta de Goberno Local do 25 de xaneiro de 2023:

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 12.01.2023 (Acta 2023/1)
- 2º. Proxecto da obra chamada "Renovación de pavimentación na rúa de Nocedo do Val" obra de execución pola Deputación Provincial de Ourense, acordos que procedan.
- 3º. Aprobación da memoria e solicitude de actuación a Asociación Monteval, GDR9 do Leader PDR Galicia 2014-2020.
- 4º. Exencións, bonificacións, devolución de ingresos indebidos e reclamacións varias a tributos municipais.

ACTA 2023-3. Xunta de Goberno Local do 2 de febreiro de 2023:

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 25.01.2023 (Acta 202/2)
- 2º. Acordos que procedan sobre o proxecto "Futuro Verde do Alto Támega" presentado ao Perte de dixitalización do ciclo da auga.
- 3º. Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023 (TR351G)
- 4º. Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da renda de integración social de Galicia (RISGA) e se aproba a súa convocatoria para o ano 2023 (TR351F)
- 5º. Orde do 29 de decembro de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais para o ano 2023 (PR486A)





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

ACTA 2023-4. Xunta de Goberno Local do 23 de febreiro de 2023:

- 1º. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 02.02.2023 (Acta 2023)
- 2º. Orde do 29 de decembro de 2022, da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases que regulan as subvencións do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023 2023 (PR483A,B,C,D)
- 3º. Exencións do IVTM.

Os presentes quedan enterados.

3º. DAR CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA DESDE A SESION ORDINARIA DO PLENO DO 01.12.2022.

Acto seguido, fíxose entrega dunha relación certificada das resolucións da Alcaldía dictadas dende a derradeira da que se día conta na sesión **ordinaria** do Pleno do **01.12.2022**; de acordo có seguinte:

210. APROBAC. CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENC. AUDITORIA ABASTº, de data 29/11/2022.
211. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 29/11/2022.
212. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 29/11/2022.
213. PAGO NOMINAS MES DE NOVIEMBRE, de data 30/11/2022.
214. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 02/12/2022.
215. PAGO FACTURA , de data 02/12/2022.
216. PAGO FACTURAS, de data 09/12/2022.
217. BONIFICACION IVTM, de data 16/12/2022.
218. BONIFICACION IVTM, de data 16/12/2022.
219. BONIFICACION IVTM, de data 16/12/2022.
220. EXENCION IVTM, de data 16/12/2022.
221. BONIFICACION IVTM, de data 16/12/2022.
222. BONIFICACION IVTM, de data 16/12/2022.
223. EXENCION IVTM, de data 16/12/2022.
224. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 19/12/2022.
225. PAGO FACTURAS, de data 19/12/2022.
226. EXENCION IVTM, de data 19/12/2022.
227. EXENCION IVTM, de data 19/12/2022.
228. BONIFICACION IVTM, de data 19/12/2022.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

229. BONIFICACION IVTM, de data 19/12/2022.
230. BONIFICACION IVTM, de data 19/12/2022.
231. EXENCION IVTM, de data 19/12/2022.
232. BONIFICACION IVTM, de data 19/12/2022.
233. BONIFICACION IVTM, de data 19/12/2022.
234. BONIFICACION IVTM, de data 19/12/2022.
235. BONIFICACION IVTM, de data 19/12/2022.
236. EXENCION IVTM, de data 20/12/2022.
237. BONIFICACION IVTM, de data 20/12/2022.
238. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 21/12/2022.
239. EXENCION IVTM, de data 22/12/2022.
240. PAGO FACTURAS, de data 22/12/2022.
241. EXENCION IVTM, de data 23/12/2022.
242. PUBLICACION EDICTOS BOE E DOG, de data 26/12/2022.
243. LICENZA URBANISTICA, de data 27/12/2022.
244. CONTRATO MENOR FOSA SEPTICA EN RIBAS, de data 28/12/2022.
245. CONTRATO MENOR REALIZACION INVENTARIO MUNICIPAL, de data 29/12/2022.
246. PAGO FACTURAS OBRADOIRO EMPREGO, de data 29/12/2022.
247. PAGO NÓMINAS PERSOAL OE MONTERREI LESTE III, de data 29/12/2022.
248. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 29/12/2022.
249. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 29/12/2022.
250. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 29/12/2022.
251. PAGO NÓMINAS E FACTURAS, de data 30/12/2022.
1. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 04/01/2023.
2. DENEGACION TARXETA ESTACIONAMENTO, de data 09/01/2023.
3. PAGO FACTURA, de data 10/01/2023.
4. RECOÑECEMENTO 11º TRIENIO A SECRETARIO-INTERVENTOR, de data 13/01/2023.
5. PAGO ASISTENCIAS 2º SEMESTRE DE 2022, de data 13/01/2023.
6. PAGO CANON AUGA E PETICION FONDOS O.E., de data 23/01/2023.
7. LICENZA PRIMEIRA OCUPACION, de data 24/01/2023.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

8. EXENCION IVTM, de data 25/01/2023.
9. POSTA DISPOSICION TERREOS SB DEPUTACION, de data 25/01/2023.
10. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 25/01/2023.
11. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 25/01/2023.
12. BONIFICACION IVTM, de data 25/01/2023.
13. CESION USO LOCAL EN NOCEDO DO VAL, de data 26/01/2023.
14. PAGO FACTURAS OBRADOIRO EMPREGO, de data 31/01/2023.
15. PAGO NÓMINAS PERSOAL OE MONTERREI LESTE III, de data 31/01/2023.
16. PAGO NÓMINAS, de data 31/01/2023.
17. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 01/02/2023.
18. APROBACION LIQUIDACION DO PRESUPOSTO, de data 03/02/2023.
19. APROBACION LISTA PROVISIONAL E NOMEAMENTO TRIBUNAL, de data 07/02/2023.
20. PAGO FACTURAS, de data 07/02/2023.
21. PAGO FACTURAS, de data 09/02/2023.
22. ALTA PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, de data 10/02/2023.
23. SOLICITUDE SUBVENCION Á AXENCIA TURISMO DE GALICIA, de data 16/02/2023.
24. PAGO FACTURAS, de data 24/02/2023.

Os presentes quedan enterados.

4º. DAR CONTA DA LIQUIDACION DO PRESUPOSTO DE 2022.

Acto seguido, en base no disposto no artigo 193.4 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, dase conta aos asistententes dunha **resolución** da Presidencia, de data **3 de febreiro do 2023**, pola que se aproba a liquidación do orzamento municipal do exercicio do exercicio **2022**.

Os presentes quedan enterados da mesma.

5º. ACORDO QUE PROCEDA SOBRE MODIFICACION DA RELACION DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE CASTRELO DO VAL.

O Sr. alcalde inicia o tratamento deste punto da orde do día, lembrando que o Pleno, mediante a cordo do **10/06/2021** aprobou por unanimidade a vixente Relación de Potos de Traballo (**RPT**) que se publicou no BOP de Ourense, núm. 165, do **21/07/2021** momento





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

desde o que se atopa vixente.

Seguidamente díuse conta da proposta e da memoria da Alcaldía, motivadas pola conveniencia e oportunidade de mellorar e adecuar á realidade da vixente RPT en canto que **instrumento de planificación de recursos humanos** e que permita crear unha estrutura organizativa máis eficaz. Así pois, coa modificación que se confeccionou satisfanse máis axeitadamente as necesidades organizativas do concello e do seu persoal.

Tralo que, sometido o asunto a votación, o Pleno por unanimidade dos nove membros que legalmente o forman (6 **PSdeG-PSOE**, 2 **PP** e 1 **BNG**), **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar a **modificación** de postos de traballo **RPT** do Concello de Castrelo do Val, nos termos nos que se atopa redactada e se presenta ao Pleno; a saber: que o Posto: Código: **01.02.01** Denominación do Posto: **Técnico Axente de Emprego e Desenv. Local** pasa a ter vinculación funcional

FICHA 4		
Denominación do posto	Técnico. Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	
Número de prazas por cada posto e tipo de posto	1 (unha)	
Natureza xurídica	Funcionarial	
Unidade orgánica á que pertence	Área de Secretaría, intervención e réxime interior	
Grupo de clasificación profesional (postos de funcionarios), e grupo profesional (postos de laborais)	A2	
Retribucións complementarias	Comp. de destino	Complem. nivel 24
	Comp. específico	Complem. escalón núm. 69
	Outros	
Titulación esixida	Titulación universitaria de Grao	
Forma de provisión	Concurso-oposición. Promoción interna	
Funcións a desenvolver	Solicitude, tramitación, seguimento e xustificación de subvencións do Concello e para particulares. Confección nóminas persoal laboral e funcionario Confección Tc persoal y envíos mensuais có sistema red Altas, baixas, variacións e resto comunicacións do persoal tanto na Seguridade social como no INEM. Elaboración de contratos de traballo do persoal. Participación en procesos selectivos: bases de selección e valoracións de currículums e exámes en tribunais. Elaboración e presentación de impostos do Concello, tanto retencións (111 e 190) como IVA (303 e 347) e operacións con terceiros (347).	





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

	<p>Tramitación e presentación do canon de saneamento de Augas de Galicia.</p> <p>Rexistro de facturas FACE</p> <p>Trámites do Punto de información catastral (PIC) tanto de consulta como certificacións e outros.</p> <p>Envío de anuncios a BOP, DOG e BOE.</p> <p>Portal de transparencia (contratos menores, etc)</p> <p>Plataforma de Contratos de Galicia. Tramitación completa dos expedientes municipais</p> <p>Tramitación ao público de solicitudes de citas para distintos organismos (INEM, seguridade social, DNI...)</p> <p>Atención ao público, tramitación solicitudes a instancia dos particulares ao concello en calquera materia, para derivalas ao órgano competente.</p> <p>Rexistro de entrada do concello.</p> <p>Padrón municipal de habitantes</p> <p>Transferencia de facturas e nóminas.</p> <p>Secretaría titular do Xulgado de Paz. Rexistro civil</p>
Observacións sobre o posto	

SEGUNDO: Consecuentemente, modificar o **cadro de persoal e a plantilla** desta Corporación aprobado polo Pleno na súa sesión do 18 de novembro de 2022 xunto co **orçamento** para o presente **exercicio de 2023** polo que se refire ao posto afectado, nos termos da modificación da Relación de Postos de Traballo.

TERCEIRO: Publicar esta modificación que se acorda no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica do Concello e continuar coa tramitación do expediente.

6º. ACORDO QUE PROCEDA SOBRE A ADHESION AO PROTOCOLO DE COLABORACION ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A UNIVERSALIZACION DOS SERVIZOS FINANCIEROS NOS CONCELLOS GALEGOS.

O Sr. Alcaldle pasa a explicar que a **Xunta** de Galicia, por medio da Consellería de Facenda e Administración Pública e Federación Galega de Municipios e Provincias (**FEGAMP**) o 10 de decembro de 2020, asinaron un **Protocolo de colaboración** para instrumentar medidas que permitan o acceso aos servizos financeiros e bancarios aos habitantes dos concellos galegos, entre os que se atopa a instalación de caixeiros automáticos en dependencias municipais dos concellos que se adhiran ao Protocolo.

Nunha primeira fase adheríronse 38 concellos, dos que 22 eran da Provincia de Ourense.

Continúa decindo que o Consello da Xunta, na súa reunión do 19 de xaneiro de 2023 aprobou a apertura dun novo prazo de adhesións, contactando co noso concello tanto a **Dirección Xeral de Política Financeira** como a entidade **ABANCA**.

Aberto un turno de intervencións, non se produciron.





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

Tralo que o Pleno, ao considerar conveniente para os intereses municipais e ao tempo supoñer unha mellora dos servizos que se prestan aos veciños, por **unanimidade** dos nove membros que legalmente o forman (6 **PSdeG-PSOE**, 2 **PP** e 1 **BNG**) **ACORDA:**

PRIMEIRO: Solicitar a adhesión do Concello de Castrelo do Val ao Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a universalización dos servizos financeiros e, en consecuencia,

SEGUNDO: Manifestar a vontade do Concello de Castrelo do Val de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do Protocolo mencionado, asumindo os compromisos derivados do mesmo, así como o compromiso de adherirse ao convenio que establece as obrigas de cada unha das partes.

7º. SOLICITUDE A CONSELLERIA DE MEDIO RURAL DO PROCESO DE CONCENTRACION PARCELARIA NO NUCLEO DE CASTRELO DO VAL.

O Sr. Alcalde da lectura á proposta de acordo.

Aberto un turno de intervencións, producíronse as seguintes:

- Do Sr. Barxa Branco (**BNG**) que manifestou o seu parecer favorable, sempre que as terras concentradas se adiquen a ser traballadas.
- Do Sr. Costa García (**PP**) que, recoñecendo que aínda que fose complicado, sería boa cousa que se fixera en tdo o concello.

Tralo que ao ter en consideración que:

Na década dos anos setenta, en Castrelo do Val realizouse un proceso de concentración parcelaria, o cal significou un importante avance no desenvolvemento agrícola e gandeiro do noso territorio, posto que na actualidade, nesas zonas aparceladas, un 90,00% das mesmas están cultivadas e traballadas.

Daquelas, por diferentes motivos, non entraron no devandito proceso de aparcelamento, varias zonas de terreo, que có paso dos anos quedaron abandonadas por tratarse de terreos moi pequenos e de difícil acceso, o cal tamén implicou un maior risco de incendios forestais.

Na actualidade, estase dando o caso de que existe unha demanda importante de terreos para a plantación de viñedo, que están interesándose por terreos situados en solo forestal, posto que son terreos de grandes superficies, podendo aproveitar éstas zonas que quedaron sin aparcelar, pero que non é posible, posto que se trata de terreos pequenos, sen accesos e polo tanto que seguen abandonados.

É por iso que o desenvolvemento agrícola, gandeiro, vitivinícola e mesmo forestal, veríase beneficiado cun proceso de concentración parcelaria destes terreos, e ao considerar o mesmo





CONCELLO DE CASTRELO DO VAL (OURENSE)

RÚA TOURAL, 15 - TELF. 988 419 002 - TELEF./FAX 988 419 122

conveniente tanto para os intereses dos propios veciños de Castrelo do Val, como para os xerais do concello, na teima de seguir fixando poboación no rural.

É polo que, o Pleno do Concello por **unanimidade** dos **nove** membros que legalmente o forman (**6 PSdeG-PSOE, 2 PP e 1 BNG**), o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da corporación **ACORDA**:

PRIMEIRO: Propor á Consellería de Medio Rural a realización dun proceso de concentración parcelaria naqueles polígonos do catastro de rústica das inmediacións do núcleo de Castrelo do Val, que no anterior proceso non se incluíron no mesmo. Concretamente nos polígonos núm. 16, 17, 24, 26, 27, 32, 39, 40, 43, 45, 46, 47

SEGUNDO: Comprometerse a xestionar todas aquelas actuacións que sexan precisas por parte da administración local para poder levar a cabo dito proceso.

8º. ROGOS E PREGUNTAS.

Formuláronse os seguintes:

- Da Sra. Manso Rodríguez (**PP**)

Sr. Alcalde: ¿Estanse apagando farolas do alumado público?; se é así ¿pódenos decir cál é o motivo?

O Sr. Alcalde repostou que efectivamente así é. Que fíxose onde se entendeu que non eran moi necesarias; que en algún pobo apáganse automaticamente ás dez da noite e que en Castrelo ao non ter ese automatismo, fíxose onde non había casas. Recoñece que non é algo politicamente conveniente, que non é agradable, pero non pode haber máis farolas que habitantes.

Sr. Alcalde, tendo en conta que se pasou nos alumados á tecnoloxía LED, ¿é realmente necesario? pénsese que as veces, camiñando polo pobo, bótanse en falta os puntos de luz.

O Sr. Alcalde repostou que efectivamente así é, pero aínda así os custos do alumado disparáronse dun xeito esaxerado (máis do dobre en algúns subministros) pero por responsabilidade, non quedou outra que suprimir determinados puntos de luz.

E ó non ser outro o obxecto deste acto, remata a sesión estendéndose esta acta, que o Sr. Presidente asina conmigo, o secretario, que dou fe.

O Presidente

O Secretario

